

Darío enteiro, Darío enteiro, Darío enteiro, Darío enteiro

Últimos sesenta, primeiros setenta (do século que morreu tampouco hai moito, naturalmente); había dous poetas novos, da Terra Chá, que daban que falar. Mesmo, involuntariamente, facían algo así como parella artística; Xusto e Pastor, Xoselito e Belmonte, Ciriaco e Quincoces, Darío Xohán Cabana e Xesús Rábade Paredes. Logo despois virían Manolo Rivas e Suso de Toro, que semella que os dúos entran mellor (tamén en termos literarios). Cabana e Rábade supoñían a partir de argumentos da vella poesía social (ou belixerante), o relevo xeracional nun momento no que os libros de poemas en galego escaseaban _imposible predicir o que moito despois se nos viría enriba_ e era pouco doado atopar poetas novos e que ademais, como era o caso destes dous chairegos, soubesen de métrica e de acentos. Repitamos o obvio; que unha cousa é medir os versos, cousa ao alcance de todos, e outra ben diferente acentualos. Así que Cabana e Rábade eran dalgunha maneira pioneiros dunha nova situación na poesía galega: a de continuar os últimos derroteiros comprometidos procurando fórmulas esixentes nas que de ningunha maneira podía valer todo. Do camiño seguido desde aquela, ano 1969, aparición do seu primeiro libro *Verbas a un irmao*, por Darío Xohán Cabana, dá fe *Vinte cadernos* (Edicións Xerais, Vigo 2003), en puridade a opera omnia ata agora e no que se refire aos eidos poéticos, do autor de Roás. Ben que con ausencias mínimas que o autor explica no remate do volume. Ben tamén que coa mala pata _para min, enténdase_, de que o autor non quixo inserir neste libro *Romance das saudades da Gran Chaira* (de *Romanceiro da Terra Chá*), unha das miñas debilidades da obra poética cabaniana, e que supón ben medida e levada adiante crónica do cotián, neste caso da viaxe a aldea unha fin de semana do poeta, daquela estudante en Lugo. No poema non pasa nada e non obstante hai unha chea de apuntamentos de situacións que van alén do costumismo. Mais o autor tería as súas razóns para prescindir dun poema para min satisfactorio. En todo caso *Romanceiro da Terra Chá* (1973) aquí reaparece dando testemuño do Darío Xohán tal vez máis vencellado no senso tribal do termo. Dunha tribo, a da Terra Chá, con importantes nomes poéticos. E pois Cabana viviu tempos cando menos pouco doados para a expresión poética libre, houbo de poñer a súa pluma baixo servidumes ideolóxicas. Xa que logo moita da poesía do autor, ata ben entrada a transición, ten o carimbo do compromiso político, por máis que non desbotase as circunstancias telúricas ou eróticas, sen dúbida seguindo o verso de Octavio Paz que di *amar es combatir*, e que á súa vez especula con outros de Miguel Hernández ou Pablo Neruda tamén nesa liña. Logo despois, ata chegar a estes últimos anos de silencio, o último libro de poemas de Darío Xohán Cabana, *Canta de cerca a morte*, é de 1994, o autor de Roás foi publicando unha serie de entregas nas que a parte das temáticas xa sinaladas podemos apreciar unha gran tendencia pola poética protocolaria ou pola poesía escrita en clave de homenaxe. Loanzas e glorificacións de persoeiros ou simplemente amigos, pasados ou presentes. Isto ten un evidente risco que Cabana supera con oficio métrico pero sobre todo con inspiración e autenticidade. En todo caso o autor subliña que aqueles poemas de urxencia que non deron a talla para esta edición “sexan piadosamente esquecidos, ou fiquen vencellados só á ocasión que os suscitou”. *Canta de cerca a morte*, en fin, o último Cabana que retemos na memoria, é un excelente autor serodio capaz de invocar a eros e tánatos nunha dobre elexía e un canto erótico, o que segue tendo que ver con persoas e con nomes e apelidos pero tamén con ese vigor épico-lírico do que é dono este autor e que lle permite facer transcendentales as anécdotas, tamén as dramáticas.

Á parte dos distintos prólogos que levaron no seu momento os libros de Darío Xohán Cabana, debidos a Manuel María, Lois Diéguez, Méndez Ferrín, o volume vai introducido por Moncha Fuentes Arias, con palabra expresionista e apaixonada. O libro está fermosamente editado, e non merecía menos tanta paixón, tanto incendio.

Vicente Araguas